

andando a terra

CARTA DE MANUEL HORTAS VILANOVA O SEU AMIGO MANUEL MARIA ENCOL DOS SUCESSOS DAS FESTAS PATRONALES DE MONFORTE DE LEMOS.

Meu querido amigo: como sabes, a miña curiosidade levou-me dendo o 10 ó 17 de agosto, a cidade de Monforte de Lemos. Tiña deseños de dar unha volta pola "Librería Xistral" e de falar con Saleta e contigo, visita que fago cando vou a ese "Monte—fuerte coronado de torres conveclinas de los cielos". Despois de falar con vós, subin ó monte de San Vicente do Pino, visitei o Colexo da Compañía, onde está o retablo de Moure e dous cadros do Greco, e logo fun papar os meus vños ás tabernas de sempre: o Carrazúa, o Blusas, o Tea de Araña... Tiña un interés especial en escutar o discurso que o Amigo Felipe

Serén iba pronunciar nos xojos florais. Non foi posible. Ali formouse un lio de moita nabizo. Cando o Felipe Senén non levaba falando tres minutos, alporzouse parte da xente que o estaba escutando e que eran os aspirantes a señoritos da cidade. O Presidente da Comisión de Festas arramploule o micrófono, nun acto totalitario, irracional e do máis puro estílo fascista. E inconcebible que existan ainda estes inquisidores pequeninos e anacrónicos, que intentan nada contra as correntes da Historia. Gardas viviles do reacionarismo máis cavemicala.

Os sucesos da Pista Municipal de Xardir son tamén inesplícables. Coido moi óxico que a xente protestara pola discriminación que supón ter unha pista pechada, cuia entrada se cubraba e onde actuaban as mellores atraccións, mesmo ó pé do lugar onde se celebraba a verbena popular. O que non comprendo, por moito que matino, é que c alcalde de UCD e dous tenentes

de alcalde —un de UCD e outro de CD— mandaran intervir ás FOP.

Esto demuestra que as autoridades municipais están a facer unha represión ainda máis forte ca nos anos do franquismo e que eses señores están contra o pobo que os elixiu. O normal sería que o señor alcalde e os señores tenentes de alcalde —que se quedaron só en tenentes— dialogaran coa xente que ali estaba e se arranxara o asunto dun xeito vivificado. Pra eso compria que os que estaban decordado coa pista elexiran unha Comisión. E que esta comisión dialogara cos señores ediles. No caso de que as FOP actuaran por si ante si —está demostrado que as mandau actuar o alcalde asesorado polos dous tenentes— o deber dos señores monfortinos era impedir, como fora, que as FOP actuaran contra o pobo. O resultado é ben conocido: un morto e unhas quince feridos.

Como había que buscar un responsable desta barbaridade,

baseado nun totalitarismo irracional, batuñelle a culpa ó BN-PG, que é a única forza política que defende ás clases populares e os seus intereses. E todos os ataques, querido Manuel María, se dirixiron contra Saleta e contra ti, coma se vós forades o BN-PG. A dereita cando ataca non para en medias, pois ten moi bien experimentados os métodos do nazismo. A extrema dereita pediu— mellor dito, intentou pedir— a vos expulsión de Monforte de Lemos. Eso é puro racismo. Xa non che digo nada das cartas e chamadas telefónicas anónimas.

Coido que non lles debedes dar importancia. Normalmente sun enfermos —ainda que dereitistas— que, ademais de intentar asustar, lebáranse das súas frustracións. Todo o número que vos montaron, ridículo e triste, débese a que o movemento nacional-popular galego vai pra cante. E a reacción, ademais de sentirse impotente, tén medo. Moitísimo medo.

Por M. HORTAS VILANOVA

Da sesión que se celebrou o dia 20 pra actar os sucesos xa coñoces os resultados. Foi unha vergoña. UCD, CD, PSOE e UG xuntáronse todos, en unánime contubernio, pra botarlle terra ó asunto e afirmar e respaldar a actuación represiva do alcalde. Coido que non se pode sentir meirande desprecio polo povo e polos propios electores. Tam-pouco se esplica que un alcalde eleixido democraticamente na práctica esteña aplicando, ó pé da letra, as leisões franquistas, que ainda están vixentes. ¿Qué clase de democracia é ésta?

Petiso volver por Monforte en breve. Xa pasarei por "Xistral". Daquela falaremos. Teño moi interés en ver as pinturas murales de Morrubé, que polo visto se están derramando. Tamén quero rubir o mosteiro de San Vicente do Pino. Polo visto, unha imaxe de Santa Ana, górica, está sendo comida pola polilla. Non sei si o Felipe Senén coñece ou non esta imaxe singular.